

# **PROCEDIMENTO PARA A VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Aprobada no Consello de Goberno de 2-3-2005**

A Universidade de Vigo consciente da importancia que ten a actividade docente que desenvolve o seu profesorado nos Centros e Departamentos e na procura de facer un recoñecemento deste labor e de favorecer e incentivar as iniciativas de avaliación e mellora do mesmo, dispón, a través da Vicerreitoría de Innovación e Calidade, o presente procedemento para a valoración da actividade docente do profesorado.

Este procedemento insértase dentro do Sub-Programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado do Plan de Calidade Docente da Universidade de Vigo, na marxe da valoración da solicitude de quinquenios, baixo a denominación de **Procedemento de Valoración da Actividade Docente do Profesorado**.

Así ubicado, o procedemento de Valoración da Actividade Docente do Profesorado, que deseguido se desenvolve, propónse os seguintes obxectivos :

- 1) Unificar e aquilatar a información dispoñible sobre o conxunto de tarefas desenvolvidas polo profesorado no ámbito da docencia,
- 2) Favorecer a implementación e extensión, nos Centros e Departamentos, do seguimento, control e avaliação das tarefas docentes así como a estructuración e homoxeneización da información relevante,
- 3) Empregar esta información para a achega de dotacións económicas adicionais ós Departamentos (que se recollan nos orzamentos da Universidade de Vigo) que poidan favorecer a continuación ou posta en marcha de iniciativas de autoavaliación, formación, organización, mellora e innovación docente.

Os distintos elementos de que consta este procedemento están organizados segundo o órgano ou unidade competente que será responsable de enviar a ÁREA de Calidade da Universidade os informes e valoracións que se solicitan. Os devanditos informes e valoracións corresponderánse co curso académico vencido e solicitaránse ó inicio do curso académico para todo o profesorado. Con tal motivo, a ÁREA de Calidade enviará a cada órgano ou unidade a relación de profesorado así como a participación naquelhas actividades centralizadas e descentralizadas recoñecidas que poidan ser materia necesaria do seu informe.

Corresponderá á COAP a interpretación e desenvolvemento das normas de valoración da actividade docente do profesorado da Universidade de Vigo que podera requirirse no proceso de

valoración así como a resolución de calquera outra incidencia que se poida presentar na súa aplicación efectiva. En particular, a COAP establecerá un mecanismo ágil de arbitraxe e resolución que, tendo en conta a posición das partes e en única instancia, atenda aquelas reclamacións que poderán presentarse contra o informe emitido por calquera dos órganos ou unidades participantes no proceso de valoración que será tramitada exclusivamente naqueles casos en que se aporte argumento en contra da valoración realizada.

As actividades que se valorarán neste programa son complementarias doutras existentes na Universidade de Vigo e, polo tanto, non se permitirá utilizar unha mesma actividade en distintos programas ou indicadores.

Para a avaliación da actividade docente non será necesario o envío da documentación acreditativa por parte dos interesados. Non obstante, a COAP a través da Área de Calidade, poderá solicitar aos órganos, ás unidades ou aos propios interesados a acreditación dos datos achegados.

### Criterios de valoración para a VAD-Profesor anual

A puntuación de cada un dos indicadores estableceráse a través do órgano ou unidade que teña a responsabilidade (centro, departamento ou servizo central) e tomará como referencia a actividade docente desenvolvida durante o curso académico vencido inmediato anterior. Deste modo, a información será recabada a partir da solicitude de informe anual da actividade docente de todo o profesorado adscrito a cada órgano ou unidad. Os informes e valoracións concretánsen en :

#### *Actividades, Informes e Indicadores correspondentes ao Centro:*

II. Informe/Indicador do Centro sobre o cumprimento das obrigas docentes do profesorado : para emitir o seu informe o Centro deberá considerar, fundamentalmente, os seguintes componentes : Exames e probas de avaliación : Realización de exames e probas consonte ó establecido polo Centro e dispostos no programa docente da materia (datas, presentación de criterios de calificación, exposición pública de calificacións, prazos de revisión). Entrega de actas nas datas fixadas.

Asistencia ás clases de aula, de práctica e de laboratorio: O seu seguimento realizarase de acordo ao procedemento que disponía o Centro.

Realización das tutorías : No lugar e o horario de tutorías que figure no programa da materia e co proceso de seguimento que determine o Centro.

Desenvolvemento do programa docente da materia presentado: O profesor haberá de axustarse ao programa vixente da materia. O profesor procurará que o programa docente esté disponible no Centro e a disposición do alumno, e que a bibliografía básica mencionada no programa esté disponível na biblioteca.

*Feste Indicador II terá unha valoración cualitativa con tres posibilidades: Favorable = 2,5 / Favorable con Reservas = 1,5 / Desfavorable = 0.*

**12. Indicador da colaboración do profesorado nas actividades de xestión docente do Centro :**

Pertenza e asistencia relevante a Xunta de centro, Comisións estables recoñecidas no Regulamento interno do Centro, Xuntas de titulacións, Comités de avaliación da titulación e Comisións de autoavaliación.

*Este Indicador I2 terá unha valoración cuantitativa máxima de 0,25 por cada colaboración, cun límite máximo de 0,5 puntos.*

**13. Indicador da participación do profesorado en programas de mellora e innovación docentes promovidas polo Centro e con recoñecemento das unidades centralizadas da universidade (Vicerreitorías, Servizos ou Áreas)** Participación en programas de mellora docente, titorización ou innovación docente no Centro. Xestión de convenios docentes con empresas. Coordinación de materias docentes segundo dispón o programa docente.

*Este Indicador I3 terá unha valoración cuantitativa máxima de 0,25 por cada participación, cun límite máximo de 0,5 puntos.*

***Actividades, Informes e Indicadores correspondentes ó Departamento:***

**14. Informe/Indicador do Departamento sobre cumprimento das obrigas docentes do profesorado :**

para emitir o seu informe o Departamento deberá considerar, fundamentalmente, as seguintes componentes :

elaboración e coordinación de programas docentes,

revisións de probas con reclamacións,

informes de validacións de materias,

asistencia á docencia programada do terceiro ciclo,

realización de titorías de traballos do terceiro ciclo,

desenvolvemento do programa de doutoramento,

entrega de calificacións e actas do terceiro ciclo

*Este Indicador I4 terá unha valoración cualitativa con tres posibilidades: Favorable = 2,5 / Favorable con Reservas = 1,5 / Desfavorable = 0.*

**15. Indicador da colaboración do profesorado nas actividades de xestión académica :** Pertenza e asistencia relevante aO Consello de Departamento, ás Comisións estables recoñecidas no regulamento interno do Departamento así como a Comités de avaliación de programas de doutoramento. Coordinación do programa de doutoramento.

*Este Indicador I5 terá unha valoración cuantitativa máxima de 0,25 por cada colaboración, cun límite máximo de 0,5 puntos.*

- I6. Indicador da participación do profesorado en programas de mellora e innovación docente promovidos polo Departamento e con recoñecemento das unidades centralizadas da universidade (Vicerreitorías, Servizos e Áreas) : Programas de mellora e innovación na docencia do terceiro ciclo.

*Este Indicador I6 terá unha valoración cuantitativa máxima de 0,25 por cada participación, cun límite máximo de 0,5 puntos.*

***Actividades, Informes e Indicadores correspondentes a Unidades centrais da Universidade de Vigo :***

- I7. Indicador-Informe da opinión do alumnado a través da enquisa de avaliación docente do profesorado.

*A valoración deste indicador I7 será dun máximo de 4 puntos que se calculará restando 1 á nota media global do bloque profesor/a da enquisa de avaliación de cada docente.*

- I8. Indicador da carga docente do profesorado, atendendo ó número de alumnos/as novos/as equivalentes que debe atender (alumnos/as novos/as más 20% de repetidores) e ás horas de clases que se van impartir.

*A valoración deste indicador I8 será dun máximo de 2 puntos, asignándose a cada profesor/a en consideración proporcional ó conxunto do profesorado da Universidade.*

Nota : En docencia de 3º ciclo, tomarase 10 como número de alumnos/as equivalentes por materia.

- I9. Indicador da colaboración do profesorado nas actividades de xestión académica:

Pertenza e asistencia a órganos colexiados relacionados coa docencia e recoñecidos na Universidade: Consello de Goberno, Comisións delegadas do Consello de Goberno, Consello de Campus, Consello Social e Claustro así como a participación nas entidades externas en representación da Universidade de Vigo.

*Este Indicador I9 terá unha valoración cuantitativa máxima de 0,25 por cada colaboración, cun límite máximo de 0,5 puntos.*

- I10. Indicador de organización e dirección/coordinación de cursos de posgrao ofertados pola universidade e aprobados polo órgano colexiado correspondente, sempre que non teña remuneración económica.

*Este Indicador I10 tomará unha valoración máxima de 0,5 puntos por máster e cursos especialista e 0,25 por curso de formación, cun límite máximo de 0,5 puntos.*

- I11. Indicador da participación do profesorado en programas de mellora e innovación docentes, de integración no espazo europeo de educación superior, de intercambio internacional de estudiantes, de fomento das lingua ou similares centralizados.

Asistencia e participación en cursos de innovación docente. Participación en programas de mellora e innovación na titulación de carácter central non recollidas nos anteriores apartados e participación en programas de integración no espazo europeo de educación superior, de intercambio internacional de estudiantes, de fomento das lingua ou similares centralizados.

*Este Indicador I11 terá unha valoración cuantitativa máxima de 0,25 por cada participación, cun límite máximo de 0,5 puntos.*

***Actividades, Informes e Indicadores correspondentes ó Profesorado:***

**I12. Indicador da asistencia a cursos de carácter docente non organizados na Universidade de Vigo:**

*Este Indicador I12 terá unha valoración cuantitativa máxima de 0,25 por cada participación, cun límite máximo de 0,5 puntos.*

**I13. Indicador das publicacións de carácter docente ou en revistas e presentación de ponencias en congresos de carácter docente.**

*Este Indicador I13 terá unha valoración cuantitativa máxima de 0,25 por cada ponencia en congreso, e non poderá superar os 2 puntos.*

Nota : No apartado de publicacións e artigos en revistas só se considerarán aquelas con ISBN.

*Os méritos presentados e puntuados neste apartado non poderán ser obxecto de puntuación na Producción Científica da Universidade de Vigo.*

Indicador Global para o reparto da Producción Docente de Departamentos  
disposta na partida 280.01 do orzamento do 2005 da Universidade :

Coa finalidad de realizar o reparto correspondente a partida 280.01 do orzamento da Universidad do ano 2005, establecese o indicador IG e procedemento que a continuación se describe:

$$\text{IG\_profesor} : 4 \times (I1 + I4) + 2.5 \times [\text{Bloque A}] + 2.5 \times [\text{Bloque B} + \text{Bloque C} + \text{Bloque D}]$$

Onde :

- Bloque A, denominado “Bloque Opinión do Alumnado”, tomará o valor do indicador I7 (máximo 4).
- Bloque B, denominado “Bloque Colaboración na Xestión Docente”, tomará o valor da suma das puntuacións dos indicadores I2, I5, I9 e I10 cun máximo de 1 punto, esto é :

$$\text{Bloque B} = \minimo [ (I2 + I5 + I9 + I10) , 1 ]$$

- Bloque C, denominado “Bloque Innovación e Producción Docente”, tomará o valor da suma das puntuacións dos indicadores I3, I6, I11, I12 e I13 cun máximo de 3 punto, esto é :

$$\text{Bloque C} = \minimo [ (I3 + I6 + I11 + I12 + I13) , 3 ]$$

Nota : no ano 2005, no que non se considerarán os indicadores I12 e I13, a puntuación deste bloque tomarase por : Bloque C =  $\minimo [ 2 \times (I3 + I6 + I11) , 3 ]$

- Bloque D, denominado “Bloque Carga Docente”, tomará o valor do indicador I8 (máximo 2).

Disposicións para a aplicación do IG-Profesor :

- 1) Debido á necesidade de deseñar un proceso administrativo áxil que permita proceder á súa valoración, para o ano 2005 non serán considerados os indicadores I12 e I13, quedando aprazada a súa consideración para o ano 2006.
- 2) Coa finalidade de proceder a unha difusión e implantación progresiva dos procedementos de valoración das actividades docentes, aconséllase que durante os anos 2005 e 2006 a valoración resultante dun profesor/a non poída superar un máximo de dúas veces a valoración media da Universidad.
- 3) Os respectivos indicadores parciais serán aplicados de tal xeito que polo menos un profesor teña a máxima puntuación